



Aliad
Ultreia


MEMORIA 2019



ÍNDICE

A NOSA HISTORIA.....	5
MISIÓN	6
VISIÓN	6
VALORES	7
EQUIPA	8
ONDE ESTAMOS	9
NÓS EN 2019	9
TRABALLO EN REDE	11
PERTENZA A REDES	11
ENTIDADES COLABORADORAS	11
ENTIDADES FINANCIADORAS	12
ALIADAS	13
PROGRAMA SENLLEIRAS	15
PROGRAMA DONAS	16
CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO.....	19
ACCIÓNS FORMATIVAS.....	20
ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS	21
PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!	22
PROGRAMA PASO A PASO.....	23
PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE.....	24

ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS	25
PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL	26
SENSIBILIZACIÓN	27
E INCIDENCIA SOCIAL	27
ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN	28
CHARLAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN	35
FORMACIÓN	39
OBRADOIROS EN CENTROS EDUCATIVOS	40
PLATAFORMA WEB IGUALDADE	41
FORMACIÓN AXENTES SOCIAIS, VOLUNTARIADO E POBOACIÓN XERAL	42
INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO	44
OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	46
MERCADILLO DE LIBROS DE SEGUNDA MAN	46
	49
AS CONTAS CLARAS	49
BALANCE ECONÓMICO	50



A NOSA HISTORIA

Aliad Ultreia ten as súas orixes na asociación ALIAD (**Asociación Luguesa de Información e Axuda ao Drogodependente**), fundada en **1984** na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (medicina, psicoloxía, profesorado...) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das **drogodependencias** e atender o conxunto de necesidades que este xera. Nun principio, o seu ámbito de actuación era a prevención e tratamento de drogodependentes, pero ALIAD pronto se especializaría na area de incorporación social.

A actividade de ALIAD esténdese ao pouco tempo ao interior dos centros penais da provincia de Lugo para abordar problemáticas derivadas do **consumo de drogas** e a estadía na **prisión**. Este programa desenvólvese na actualidade dentro e fóra dos centros penais cun enfoque máis amplo e unha atención máis integral.

En **2006**, a Xunta de Galicia declarou a Aliad **entidade de interese Galego en materia de drogodependencias** (Orde do 19 de setembro de 2006, publicada no DOGA do 6 de outubro de 2006).

No ano **2010**, a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse Aliad Ultreia, debido á ampliación do seu ámbito de actuación debido á identificación de novas realidades sociais que era preciso abordar como son **as violencias de xénero**, incluída a **trata e explotación sexual**.

En **2014**, Aliad Ultreia obtén a **declaración de utilidade pública** acolléndose a lei 49/2002.



MISIÓN

Promoción da **mellora na calidade de vida das mulleres e homes** a través dunha **atención integral** a persoas en risco de exclusión por razóns físicas, ambientais, económicas, culturais, ou de calquera outra natureza.

VISIÓN


Aliad Ultreia pretende ser un **recurso de incorporación** que facilite a integración social proporcionando:

- Información e sensibilización sobre as distintas problemáticas coas que traballa.
- Formación dirixida aos colectivos e sectores sociais que garden relación, directa ou indirecta, coa problemática tratada.
- Atención psicolóxica, xurídica, laboral, sanitaria,... contando para isto cunha equipa multidisciplinar que desenvolve os distintos programas e proxectos.
- Acompañamento a recursos sociais, de formación, vivenda...
- Colaboración, establecendo relacións e nexos de unión con diversas entidades públicas e privadas, locais, autonómicas, nacionais, que contribúan a acadar o mesmo fin para o cal foi creada Aliad Ultreia.
- Traballos de investigación que detectan novas problemáticas sociais e que ao mesmo tempo serven de base para a planificación de futuras accións.



VALORES





EQUIPA

Aliad Ulteira ten como órgano de goberno a Asemblea Xeral que está integrada por todas as persoas socias.

A xestión e representación da entidade recae na Xunta Directiva, cuxos membros no 2019 foron:


Presidente: Manuel Varela Veiga.

Tesoureira: María Gloria Pernas Teijeiro.

Vicepresidenta: Ana Luísa Posada Luaces .

Vogal: Jennifer Santin Vivero.

Secretaria: Rosa Marina Zas Castro.



A entidade conta cunha equipa profesional cualificada e con ampla experiencia nos diferentes ámbitos de traballo. Contamos con **11 persoas** (10 mulleres e 1 home) contratadas a tempo completo e dúas máis, unha psicóloga e un avogado, por conta allea.





ONDE ESTAMOS



Aliad Ultreia dispón de instalacións propias situadas na **rúa Milagrosa nº 99-101**, na cidade de Lugo.

Aquí atópanse as oficinas, despachos, sala de xuntas, aula de formación e informática así como un apartamento totalmente equipado para o desfrute de permisos penais.

Tamén podes atoparnos en redes



NÓS EN 2019




**949 PERSOAS
ATENDIDAS**



**68 PERSOAS
SOCIAS**




**30 PERSOAS
VOLUNTARIAS**



**16 PROGRAMAS E
PROXECTOS
REALIZADOS**



**CONTANDO CON
394.003,78
EUROS DE
INGRESOS**



Drogodependencias

Programa xurídico social

Asesoramento legal e coordinación cos diferentes axentes implicados.

Medidas alternativas

Traballos en beneficio da comunidade.

Prisión - Preparación para a vida en liberdade

Preparación á liberdade

Obradoiros grupais (C.P. Monterroso)

Paso a paso

Itinerarios de inserción e obradoiros de preparación para a liberdade.

(C.P. Bonxe e Monterroso)

Preparados, listos, xa!

Apartamento para a disfrute de permisos de saída e para preparar a vida en liberdade.

(C.P. Bonxe e Monterroso)

Plan de Animación Sociocultural

Coordinación, participación e apertura do centro á comunidade.

(C.P. Monterroso)

Muller - Aliadas

Programa Donas

Atención individualizada a mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual.

Muller en vulnerabilidade

Atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular

Tecendo futuro

Itinerarios e obradoiros formativos orientados á inserción social e laboral de mulleres en situación de vulnerabilidade.

Incidencia social e voluntariado

Promoción da participación social na mellora das condicións de vida das persoas coas que traballamos, na promoción de contextos de vida inclusivos e na transformación da realidade social a través do voluntariado.

Traballo en rede con colectivos e entidades afíns, en accións de mobilización social e defensa de dereitos.

Formación e sensibilización social

Accións de formación en centros educativos de secundaria, concellos, etc., en temática de xénero e prostitución; así como en universidades e outros espazos de reflexión académica e profesional, achegando a realidade dos nosos colectivos e a nosa óptica e metodoloxía de traballo.

Campañas de sensibilización a través de redes sociais e elaboración de materiais (dípticos, cartaces, prensa, etc.)

Soporte xeral da entidade

- Formulación de proxectos, seguimento e xustificación dos mesmos. Busca de financiamento. Xestión de persoal.
- Difusión dos programas e iniciativas da entidade a través de redes sociais e medios de comunicación.
- Fortalecemento das redes de coordinación e comunicación coas Administracións públicas e outros axentes sociais (terceiro sector, empresas, etc.)



TRABALLO EN REDE

PERTENZA A REDES




Rede TIL
Técnicas/os de Inserción Laboral
RELUVOL
Rede Lucense de Voluntariado

ENTIDADES COLABORADORAS



CONCELLO DE
MONTERROSO





ENTIDADES FINANCIADORAS



XUNTA
DE GALICIA

galicia



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade



Unión Europea



CONCELLO DA
FONSAGRADA



CONCELLO DE
MONTERROSO



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO



Obra Social "la Caixa"



CaixaBank



Rede de Investigación
en Educación e Formación
para a **Cidadanía** e a
Sociedade do Coñecemento

ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS



"EL DUENDE"



ALIADAS

Dentro desta área ofrécese atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** nas súas múltiples manifestacións (física, psicolóxica, sexual, económica e social) dando unha **resposta integral**.

Dentro do programa cóntase con dúas liñas dirixidas a:

- ♦ **Mulleres en situacións de vulnerabilidade:** atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular.

Aliad ofrece un recurso integral de apoio e acompañamento a mulleres ao longo de itinerarios individualizados e flexibles atendendo as necesidades básicas, atención social, psicolóxica, sanitaria, orientación laboral e asesoramento xurídico.

- ♦ **Mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual,** trabállase nos espazos de exercicio da prostitución e dando atención e cobertura integral ás mulleres, ofrecendo aloxamento e atención especializada de carácter xurídico, social, psicolóxico, sociosanitario e de orientación laboral.

PROGRAMA SENLLEIRAS

Atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** e/ou **mulleres migrantes en situación administrativa irregular**.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral. A finalidade do programa é fortalecer nas mulleres as súas ferramentas persoais, psicolóxicas, laborais e educativas que axuden a superar a súa situación de vulnerabilidade e crear un espazo de participación na procura da igualdade en diferentes eidos da vida.



109 MULLERES
ATENDIDAS 65 CON
ITINERARIO



516 ATENCIÓNS
SOCIAIS E
ACOMPÑAMENTOS




ATENCIÓN PSICOLÓXICA A
12 MULLERES CON 62
ATENCIÓNS INDIVIDUAIS



ORIENTACIÓN
LABORAL A 17
MULLERES CON 44
INTERVENCIÓNS



ASESORAMENTO
XURÍDICO A 71
MULLERES EN
240 ATENCIÓNS
INDIVIDUAIS



MEDIACIÓN SOCIAL
CON 21 MULLERES
EN 68
INTERVENCIÓNS



8 TALLERES
GRUPAIS

Programa financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DONAS. PROGRAMA ATENCIÓN INTEGRAL VÍTIMAS TRATA SERES HUMANOS.

Desde o ano 2010 véñse traballando para abordar unha das formas máis invisibilizadas de violencia de xénero: **a trata con fins de explotación sexual**, centrando a acción na defensa dos dereitos das mulleres vítimas desta violencia de xénero e a sensibilización á sociedade.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicológico, xurídico, sanitario e laboral, ofrecendo os servizos detallados dentro do Programa Donas.

Durante o ano **2019**



**ATENDEMOS A
161 MULLERES
EN SITUACIÓN
EXPLOTACIÓN
SEXUAL**



**97 MULLERES
CON
ITINERARIO**



**REALIZAMOS MÁIS DE
540 ACTUACIÓNS
SOCIAIS**



**REALIZAMOS 269
ASISTENCIAS
XURÍDICAS**



**56 ATENCIÓNS
PSICOLÓXICA**



**REALIZAMOS MÁIS DE 750
ENTREVISTAS E 60
ACOMPANHAMENTOS**

Programa financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

Dentro deste programa desenvólvense:

Visitas a lugares de exercizo da prostitución



**CONTACTAMOS
CON 219
MULLERES EN
PROSTITUCIÓN**

Este proxecto realiza actuacións nos lugares onde se exerce a prostitución (clubs, pisos por toda a provincia e barrio da Tinería en Lugo), buscando establecer contacto coas **mulleres en situación de prostitución** e crear un vínculo de confianza con elas para que, en caso de necesidade de información ou atención, acudan á asociación.

Nas visitas realízanse **obradoiros** sobre **recursos sociais de Lugo** e **infeccións de transmisión sexual**.



**VISITA A 31
CLUBES NA
PROVINCIA LUGO**

Os **servizos** que se lles ofrecen son: **asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación laboral, formación, atención social e sanitaria**, a parte de información doutros recursos **sociais** máis axeitados á súa demanda.

Programa financiado pola Deputación de Lugo

Talleres sanitarios e información sobre VIH para mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual e mulleres que exercen a prostitución

Realizáronse durante o ano 2019:

- **Talleres sanitarios**, sobre o VIH, ITS e o papiloma humano, dentro dos clubs, pisos e no barrio da Tinería onde se atopan as mulleres en prostitución.
- Reparto de **preservativos** e de folletos informativos, tanto no local de Aliad Ultreia como durante as visitas.
- **Proba rápida do VIH**. Somos un centro colaborador coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública (DXIXSP) e contamos no noso local coa infraestrutura e as profesionais axeitadas para a realización da proba rápida reactiva e para dar un consello asistido pre e post-proba.
- **Atención Social e mediación sociosanitaria** para a realización de probas de ITS e probas xinecolóxicas.
- **Acompañamento sanitario e recollida de medicación** en casos de VIH



**16 PROBAS
RÁPIDAS DO
VIH**



**PARTICIPACIÓN DE
219 MULLERES EN
SITUACIÓN
PROSTITUCIÓN**

Este proxecto está financiado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO.



**CASA DE
ACOLLIDA
MULLERES
VÍTIMAS
EXPLOTACIÓN
SEXUAL**

Contamos cunha vivenda dirixida a **mulleres e as súas crianzas** que, tras abandonar a **situación de prostitución e/ou explotación sexual**, precisan dun período de restablecemento e re-deseño do seu proxecto persoal e da súa posta en marcha.

Préstase especial atención ás mulleres inmigrantes, principais vítimas destes delitos, cunha situación de maior vulnerabilidade debido á falta de redes sociais e descoñecemento dos servizos e contexto, ao ser o sustento económico da súa familia en orixe, a súa situación administrativa irregular...



**5 PRAZAS
INCLUINDO
FILLAS/OS**

A apertura do piso produciuse no mes de novembro de 2018. Durante o ano 2019 residiron na casa 4 mulleres.

Vivenda financiada pola Secretaria Xeral de Igualdade

ACCIÓNS FORMATIVAS

O traballo individualizado coas persoas complementéntase con accións de traballo grupal, de carácter formativo, de participación e de creación de vínculos sociais.

Neste eido, realízase o **curso Tecendo futuro** traballando aspectos como o coñecemento persoal, a cohesión grupal, as habilidades sociais, a autoestima e a orientación laboral.

Financiado pola Deputación de Lugo

No verán desenvolvemos un curso de autocoidado e o lecer. No **Curso coidándonos** durante os meses de xullo e agosto desfrutamos de diferentes actividades:


**PARTICIPARON
18 MULLERES**

- ♦ Restauración de mobles
- ♦ Cociña saudable
- ♦ Zumba e excursións
- ♦ Manualidades.

Tamén se desenvolveu un curso de costura a máquina con clases de dúas horas e media semanalmente durante dous meses con 7 mulleres.

Financiado polo Concello Lugo



**CURSO “TECENDO
FUTURO”
PARTICIPARON 9
MULLERES**



A photograph of a brick wall with two doors, one blue and one red, serving as a background for the text. The blue door is on the left and the red door is on the right. The text is overlaid on the bottom half of the image.

ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS

PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!

As destinatarias son **homes e mulleres presas nos Centros Penais de Bonxe e Monterroso** e que estean desfrutando de **permisos penais**.

A finalidade é tutelar e acompañar a persoas con problemas de drogodependencias ou con falta de redes de apoio ao longo dun itinerario que persigue organizar, planificar e orientar o desfrute dos permisos de saída penais e os primeiros momentos en liberdade.

Para a posta en práctica deste proxecto Aliad Ultreia conta cun **apartamento totalmente equipado no seu local**. Desde o mes de xullo de 2018, alúgase un piso para trasladar este recurso fóra das instalacións da entidade, pendente da aprobación pola Xunta de Galicia.

Realízase coas persoas un **itinerario integral individualizado**: atención social, asesoramento legal, acompañamento a recursos e actividades de lecer saudable, mediación familiar e social...



**PISO PARA
DESFRUTE
PERMISOS
PENAI**



**20 PERSOAS EN
39 PERMISOS**



**202 DÍAS PISO
OCUPADO**




**FIXÉRONSE 37
ACOMPAÑAMENTOS
NO TEMPO LIBRE**



**REALIZÁRONSE
170
ENTREVISTAS**



**29 MEDIACIÓN
FAMILIARES**



**25 MEDIACIÓN
ACOMPAÑAMENTOS
RECURSOS SOCIAIS**

Programa financiado pola Deputación de Lugo e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través dos programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF.

PROGRAMA PASO A PASO



**PRISIÓN DE
BONXE**



**40 ITINERARIOS
INDIVIDUALIZADOS
CON 36 HOMES E
4 MULLERES**

O programa desenvólvese con **persoas reclusas do Centro Penal de Bonxe e do de Monterroso** que disten da liberdade entre 0 e 2 anos e teñan posibilidades de permanencia en España unha vez saian en liberdade. Tamén son potenciais beneficiarias as persoas ex reclusas e as que saen da cadea e necesitan atención nos primeiros momentos de liberdade.

A finalidade é que as persoas reclusas e/ou ex reclusas melloren, mediante o desenvolvemento dun **proxecto de inclusión social e/ou socio laboral personalizado**, as súas capacidades persoais de cara á súa empregabilidade e inclusión social.

Por medio do deseño coa persoa dun itinerario individualizado faise seguimento e atención nos diferentes ámbitos: mediación social, orientación social e laboral, apoio socioeducativo, apoio psicolóxico, asesoramento xurídico, accións socioeducativas coas familias, acompañamento social (recursos, tratamentos), formación e adquisición de habilidades para o emprego...

Este programa está financiado pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE

Dirixido ás **persoas reclusas** no **Centro Penal de Monterroso**. A finalidade é preparar a vida en liberdade de persoas reclusas, traballando cara unha autonomía persoal e social completas, mediante a realización de **obradoiros grupais e actuacións individuais**.

Obradoiros grupais:

- Habilidades sociais
- Autoestima
- Igualdade de xénero
- Xestión de Emocións
- Recursos sociais e comunitarios
- Orientación Laboral

Actuacións individuais: acompañamento e asesoramento social, familiar, xurídico, laboral... segundo as necesidades demandadas e percibidas.

Subvencionado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social na subvención do IRPF nacional a través da Unión de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente (UNAD).



**PRISIÓN DE
MONTERROSO**



**PARTICIPARON
74 HOMES**



ATENCIÓN A PERSONAS CON TRASTORNOS ADITIVOS

PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

Dirixido a **persoas drogodependentes** con **procesos xudiciais pendentes**



**ATENDEMOS A
178 PERSOAS
(162 HOMES E
16 MULLERES)**

- ♦ Apoio e asesoramento no seguimento de todo o proceso xudicial:
- ♦ Facendo fincapé en que conste acreditada en sentenza a toxicomanía de cara a solicitar alternativas á prisión, e mesmo a solicitude das distintas alternativas se é o caso.
- ♦ Incidindo na proposta de alternativas á prisión (situación preventiva) así como a derivación a recursos de tratamento no exterior (persoas penadas).
- ♦ No caso das persoas penadas e con medidas alternativas (suspensións ou substitucións de condena) facilitamos o cumprimento destas na nosa entidade (Traballos en Beneficio da Comunidade- TBC, seguimento de suspensións de condena).

Coas persoas que cumbran condena na cadea, damos cobertura tamén a cuestións relacionadas co Réxime Disciplinario Penal, realizando asesoramento xurídico, xestións e escritos.

Programa financiado por a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia dentro do Plan de Drogas de Galicia.



SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Este ámbito é fundamental no accionar da entidade, entendendo a intervención como un continuo que debe incidir nas causas das problemáticas coas que traballamos. Buscamos fomentar a **sensibilización**, a **participación cidadá**, e **incidencia social** en relación a temas invisibilizados ou non abordados.

Esta área conta cunha forte presenza do **voluntariado** da entidade, que participa dende o inicio, dende as labores de planificación das campañas ata á mobilización social.

Realizamos diversas accións en datas sinaladas:

Día da Muller (8 marzo)

A entidade, uníndose á convocatoria internacional de folga de mulleres, pechou as oficinas o 8M baixo o lema “Por todos os dereitos, por todas as mulleres, revolta feminista”, participando da convocatoria nacional en Lugo o 3M e na ruada nocturna reivindicativa o 8M.

No marco do taller de coidados coas usuarias desenvolvido nas accións do ano 2018, recolléronse visións e experiencias sobre que supón o coidado para cada unha delas. Con esta información e co motivo do Día Internacional das Mulleres (8M) deseñamos un cartel sobre o coidado que recollera todo o traballado e expresado polas mulleres participantes.



Este cartel baixo o lema “O coidado é cousa de todas e todos” pon o foco na importancia do coidado nas nosas vidas e a necesidade de que sexa asumido por todas as persoas, rachando coa desigualdade e fenda de xénero que segue a impoñer únicamente as mulleres a responsabilidade do coidado e o traballo reprodutivo.

O lema do cartel tamén foi reproducido nunha pancarta que empregamos para saír na manifestación do 8M onde foron convidadas a unirse ás usuarias e voluntarias da entidade.

Este material en forma de baralla e cartas tamén se prevé imprimilas e traballalas en forma de dinámica nas accións de sensibilización que levamos a cabo nos institutos.


Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Persoas (23 setembro)

O 23 de setembro, Día Internacional contra a Trata e a Explotación Sexual de Mulleres e Nenas, lanzamos a campaña gráfica #ExplotacionSexualÉViolencia coa publicación nas nosas redes sociais da primeira das viñetas, que aborda a trata sexual de mulleres. Posteriormente, o resto das viñetas foron publicadas nas redes da entidade semanalmente, rematando coa publicación do cartel final #PorQueSonAbolicionista o día 18 de outubro, Día Europeo contra a Trata de Persoas.



O obxectivo de dita campaña é xerar debate e desmontar os mitos que buscan normalizar o comercio sexual e a explotación sexual de mulleres por medio de:

- Seis viñetas onde se cuestionan os mitos sobre a prostitución/explotación sexual de mulleres e se recollen datos e información que poñen en evidencia a súa falsidade.



- Un cartel final onde se recollen algunhas das razóns polas que, dende Aliad Ultreia, nos posicionamos como abolicionistas do comercio sexual.

Con esta campaña buscamos visibilizar a explotación sexual como unha forma de violencia machista, poñendo a mirada sobre a realidade que hai detrás dos mitos que seguen a reproducirse en torno á prostitución, que buscan normalizar a existencia de puteiros e minimizar os efectos e consecuencias que ten na vida das mulleres e na sociedade a súa explotación sexual.

Campaña subvencionada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

Día Europeo contra a trata (18 outubro)

Como entidade parte da **Rede Galega contra a Trata Sexual** participamos das xornadas que se celebran anualmente, que no 2019 centráronse nos danos que a explotación sexual ten sobre as mulleres.

Día internacional contra a violencia de xénero (25 Novembro).

Exposición viñetas “Explotación sexual é violencia”




Co gallo do día Internacional da eliminación da Violencia contra as Mulleres, Aliad Ulteira puxo en marcha a exposición da campaña gráfica **#ExplotaciónSexualEViolencia** e **“PorQueSonAbolicionista** coas viñetas da campaña e o cartel final.

A exposición estivo accesible na sala de exposicións da Biblioteca Nodal de Lugo, dende o día 18 ata o 29 de novembro. Estímase que a exposición foi vista por ao redor de 1.000 persoas.



Vídeo #PorQueSonAbolicionista

Neste 25-N tamén realizamos a presentación pública do vídeo “PorQueSonAbolicionista”, vencellada a campaña sobre “Explotación Sexual é violencia”, o día 18 de novembro na Biblioteca Nodal de Lugo. Quixemos poñer o foco nos homes como determinantes para poñer fin a esta forma de violencia machista, no vídeo aparecen 8 homes dicindo as frases do cartel da campaña, coa finalidade de sexan eles os que cuestionen a explotación sexual de mulleres, visibilicen a prostitución como unha forma de violencia machista e se posicionen en contra da súa normalización e mantemento como un privilexio masculino.



Este vídeo foi difundido nas redes sociais de Aliad Ulteira conseguindo un importante impacto e ademais foi presentado e proxectado de forma continua nunha pantalla na Biblioteca Nodal de Lugo, no marco da exposición das viñetas “Explotación Sexual é Violencia”

<https://www.facebook.com/342446162439060/videos/2376861489109654/>



Campaña subvencionada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

Exposición Rede Técnicas/os de Inserción Laboral (TIL) “Unha ollada ao mercado laboral”

Rede TIL

Somos: o foro de encontro, discusión e traballo das entidades do terceiro sector e o Campus de Lugo [Universidade de Santiago de Compostela]
Misión: afondar no coñecemento e intercambio de estratexias, modelos e boas prácticas no eido da orientación, asesoramento e intermediación laboral. **Obxectivo:** acadar maiores cotas de empregabilidade dos nosos participantes

25
novembro

Unha ollada ao
mercado laboral

Rede TIL
Técnicas/os de Inserción Laboral de Lugo

exposición itinerante
[1ª parada]

[22.11.19 ao 08.12.19]

[Biblioteca Intercentros]

[Campus Universitario Lugo]

25
novembro

Día
Internacional da
Eliminación da
Violencia contra
a Muller

Aliad Ulteira, como membro da Rede TIL, participou no deseño desta exposición, enmarcada no 25-N, que se mostrou na Biblioteca Intercentros da Universidade de Santiago de Compostela (USC) no campus de Lugo do 22 de novembro ata o 8 de decembro.

A exposición contou con varios paneis onde se recollían datos e reflexións en torno as discriminacións por sexo que seguen a experimentar as mulleres no eido laboral, unha situación de violencia machista estrutural escasamente visibilizada que atopan as mulleres á hora de acceder e manterse no mercado laboral.

Día Mundial do SIDA (1 de decembro)

Elaboramos un vídeo entrevistando a persoas na rúa coa finalidade de visibilizar o grande descoñecemento que segue a existir entre a cidadanía, de todos os sexos, identidades, idades e procedencias, en torno o VIH- Sida (as prácticas de risco, métodos de protección e como e onde podemos realizar a proba de VIH) e a necesidade de seguir achegando esta realidade rachando cos mitos que seguen a existir en torno as persoas con VIH-Sida.

<https://www.facebook.com/342446162439060/videos/980162862363863/>



Día Internacional dos Dereitos Humanos (10 de decembro)

Elaboramos unha campaña poñendo a mirada e a voz nas persoas presas. No programa de Preparación á liberdade pedímoslles ás persoas coas que traballamos que escolleran unha imaxe que lles evoque a vida en liberdade e digan o motivo. Isto foi recollido nunha serie de cartaces que publicamos nesta data visibilizando a súa realidade e desexos.



CHARLAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Participamos en charlas e debates en diferentes espazos

- ♦ **“Pedagogía penitenciaria”** mesa de experiencias dentro da II Xornada “Pedagogía de oportunidades. Facendo visible o invisible”, na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela o 30 de abril.
- ♦ Participación en clases do grado de Educación social na Universidade de A Coruña (UDC):
 - “Acollida e acompañamento centrado na persoa”
 - “A orientación socio-laboral en Aliad Ultreia”
 - Experiencia do curso de “monitor de tempo libre” con presos do Centro Penal de Monterroso dentro da materia “Recursos e estratexias de intervención no tempo libre”
- ♦ **“Educación en prisión. Enfrentando el reto desde la animación sociocultural”** conferencia de peche do Màster en Execució penal a la comunitat i justícia restaurativa da Universitat de Barcelona.
- ♦ Participación, en varias localidades, nos coloquios en torno ao documental **“Benvidas ao club”** de Carmen Granxeiro, dobre a Operación Carioca en Lugo.
- ♦ **“Conversas con conciencia: Novas formas de escravitude. A connivencia diante da trata de mulleres”** en A Despena do Saa o día 30 de xullo, Día Mundial contra a Trata de Persoas.
- ♦ **“Intervención con mujeres víctimas de explotación sexual desde el ámbito asociativo”**, mesa redonda na xornada “A trata de seres humanos con fins de explotación sexual”, participación na mesa redonda, celebrada o 19 de novembro

de 2019 na sede da Delegación do Goberno en Galicia, en A Coruña, co gallo do día Internacional contra a Violencia de Xénero.



Xornada Referentes



Este ano iniciamos a andaina dos premios Referentes, unha xornada de sensibilización coa presentación pública dunha muller e/ou agrupación de mulleres que pola súa traxectoria vital e/ou profesional, supón a día de hoxe un referente para a sociedade.

Este ano a xornada xirou en torno a asociación “Hijas de Galicia” e a súa labor de defensa dos dereitos das mulleres e especialmente ao traballo da entidade no soporte das mulleres migrantes galegas de principios de século XX en Cuba vítimas de explotación sexual. Esta historia de referencia foi compartida nunha conversa guiada pola xornalista Belén Regueira con María Xosé Porteiro, coñecedora e estudosa do tema, e Ana Barba coordinadora do programa Aliadas da nosa entidade. Desenvolveuse o 19 de decembro no Salón de Actos do Vello Cárcere.

Esta actividade contou co financiamento e apoio do Concello de Lugo

Xornada “Máis aló do que vemos. Percorrido das mulleres pola arte”

No Concello de A Fonsagrada o 1 e 7 de xuño levouse a cabo unhas xornadas abertas a todos os públicos onde, coa colaboración de Carmen Granxeiro fíxose un percorrido na historia das mulleres na arte, como artistas e como representacións.

Tamén se proxectaron o documental “Benvidas ao club” de Carmen Granxeiro, sobre a Operación Carioca onde se destapou en Lugo unha trama proxeneta, con implicados de todos os sectores sociais, para a trata e explotación sexual de mulleres, e a curta “Conversa cunha muller morta” de Sonia Méndez sobre a violencia machista dentro da parella. En ambas proxeccións realizouse un coloquio posterior coas directoras.

Esta xornada foi financiada polo Concello da Fonsagrada a través do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero



**20.000 VISITAS
NAS NOSAS
REDES SOCIAIS**



**MÁIS DE 1.000
PERSOAS
ACCEDERON AS
ACCIÓN**



FORMACIÓN

OBRADOIROS EN CENTROS EDUCATIVOS

Obradoiros *"A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero"* en Secundaria

Como parte da **Rede Galega contra a Trata Sexual, Aliad Ultreia**, conxuntamente con **Cáritas Lugo**, realizamos obradoiros sobre trata con fins de explotación sexual institutos da provincia de Lugo, onde recibiron formación acerca da explotación sexual como forma de violencia de xénero. Esta actividade estaba enmarcada no Plan Proxecta "365 días de respecto e igualdade" da Consellería de Educación.

No ano 2019 participaron **5 centros da provincia**:

- Instituto de Educación Secundaria (IES) Ollos Grandes (Lugo): con 2 aulas de 2º da ESO
- IES A Pastoriza cun grupo da ESO.
- IES Monforte de Lemos con 2 grupos da ESO
- Colexio Público Integrado Poeta Uxío Novoneira (Folgoso do Courel) co alumnado da ESO.



**PARTICIPARON
143 RAPAZAS
E RAPACES**



Obradoiros “Construíndo igualdade” en primaria

Esta actividade desenvolveuse cos cursos de 5º e 6º de Primaria do no CEIP de Monterroso, realizándose dúas sesión por grupo os días 11 e 13 de xuño. A finalidade dos mesmos foi:



**PARTICIPARON
40 NENAS E
NENOS**

- Fomentar unha mirada crítica cara as mensaxes sexistas existentes nos produtos culturais.
- Identificar estereotipos de xénero nos produtos culturais difundidos por internet e nos medios de comunicación.
- Propiciar pasar da reflexión á acción cara o cambio e a transformación persoal e social cara á igualdade nas nosas contornas.

Esta actividade foi financiada polo Concello de Monterroso a través do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

PLATAFORMA WEB IGUALDADE

Tamén no ámbito da educación secundaria ao longo do 2019 elaborouse unha plataforma online con recursos didácticos adaptados á materia de "Igualdade de Xénero", ofertada como optativa para os dous primeiros cursos da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Trátase de dinámicas, manuais, estudos, vídeos... que poden servir de apoio para a realización de diferentes actividades para a promoción da igualdade con diferentes grupos.

Para nove dos temas da materia, dentro da plataforma, recóllense sesións de actividades con dinámicas para aplicar na aula que poden ser descargados de balde. Estas sesións con actividades son aquelas nas que vimos traballando na asociación dende fai anos: o proceso de socialización, mitos e modelos do amor romántico, educación afectivo-sexual, violencias machistas, trata e explotación sexual e promoción da igualdade na nosa vida. Para o resto de temas recóllense recursos e materiais doutras entidades que traballan neses ámbitos que tamén se poden descargar.



**MÁIS DE 800
PERSOAS
ACCEDERON A
WEB IGUALDADE**

Trátase dunha plataforma que busca ser un espazo participativo para compartir recursos interesantes e que está en continua creación e incorporación de novos materiais.



<https://igualdade.es/>

Esta plataforma está financiada pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a través da subvención destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

FORMACIÓN AXENTES SOCIAIS, VOLUNTARIADO E POBOACIÓN XERAL

No 2019 levouse a cabo unha formación impartida polo avogado e a psicóloga da nosa entidade, dirixida ao propio persoal de Aliad Ulteira, a doutras entidades sociais e a voluntariado do ámbito social, así como a calquera persoa interesada nas materias:

- **“Entendendo o trauma e o apegue dende unha perspectiva psicosocial”**, desenvolvido o 15 e 22 de novembro coa participación de 33 persoas.
- **“Dereito penal e de estranxeiría: nocións xerais”**, impartido o 11 e 18 de novembro, na que participaron 35 persoas.

Esta actividade contou co financiamento e apoio do Concello de Lugo

Fórmate con nós!

DIRIXIDO A PERSOAL TÉCNICO E VOLUNTARIADO DE ENTIDADES DO ÁMBITO SOCIAL

Aspectos psicolóxicos, sociais e xurídicos a coidar no asesoramento e acompañamento socioeducativo.

VENRES, 15 E 22 DE NOVIEMBRE DE 16:00 A 20:00.
CON RAQUEL GARCÍA FERNÁNDEZ (PSICÓLOGA)

ENTENDENDO O TRAUMA E O APEGO DENDE UNHA PERSPECTIVA PSICOSOCIAL

Definición de conceptos clave. Manifestacións condutuais e relacionais da persoa con trauma. Aspectos a ter en conta na relación socioeducativa. Conceptualización de casos.

LUNS, 11 E 18 DE NOVIEMBRE DE 16:00 A 19:00
CON GERARDO PARDO DE VERA POSADA (AVOGADO)

DEREITO PENAL E DE ESTRANXEIRÍA: NOCIÓNS XERAIS

Estranxeiría: tipos de tarxetas, consecución da nacionalidade, expulsión e asilo. Proceso penal: tipos e fases. A importancia da testemuña da vítima no proceso de violencia de xénero.

No centro Sociocultural Uxío Novoneira

Aliad Ulteira Concello de Lugo

Fórmate con nós!

DIRIXIDO A PERSOAL TÉCNICO E VOLUNTARIADO DE ENTIDADES DO ÁMBITO SOCIAL

Aspectos psicolóxicos, sociais e xurídicos a coidar no asesoramento e acompañamento socioeducativo.

VENRES, 15 E 22 DE NOVIEMBRE DE 16:00 A 20:00.
CON RAQUEL GARCÍA FERNÁNDEZ (PSICÓLOGA)

ENTENDENDO O TRAUMA E O APEGO DENDE UNHA PERSPECTIVA PSICOSOCIAL

Definición de conceptos clave. Manifestacións condutuais e relacionais da persoa con trauma. Aspectos a ter en conta na relación socioeducativa. Conceptualización de casos.

LUNS, 11 E 18 DE NOVIEMBRE DE 16:00 A 19:00
CON GERARDO PARDO DE VERA POSADA (AVOGADO)

DEREITO PENAL E DE ESTRANXEIRÍA: NOCIÓNS XERAIS

Estranxeiría: tipos de tarxetas, consecución da nacionalidade, expulsión e asilo. Proceso penal: tipos e fases. A importancia da testemuña da vítima no proceso de violencia de xénero.

No centro Sociocultural Uxío Novoneira



A high-angle, top-down photograph of a diverse group of people sitting on a lush green lawn. Their arms are extended towards the center, and their hands are stacked on top of each other in a circular formation, creating a sense of unity and teamwork. The people are wearing casual clothing like jeans and t-shirts. Some have visible tattoos. The lighting is bright and natural, suggesting an outdoor daytime setting. The word "VOLUNTARIADO" is overlaid in white capital letters in the lower right quadrant of the image.

VOLUNTARIADO



30 PERSOAS VOLUNTARIAS

INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO

Cóntase con persoas voluntarias que participan enriquecendo o traballo da nosa entidade nas diversas áreas de actuación.

En **prisión**, o voluntariado levou a cabo numerosas iniciativas:

- Obradoiro de autocoñecemento na Unidade Terapéutica Educativa (UTE) do Centro Penal de Monterroso (1 voluntaria)
- Posta en marcha da radio-podcast do grupo LibreMente en Monterroso (1 voluntaria)
- Curso de percusión de Trópico de Grelos na UTE de Monterroso (3 voluntarias)
- Obradoiro de monicreques na UTE de Monterroso (1 voluntaria)
- Obradoiro de Mindfulness na UTE Monterroso (1 voluntaria)

Tamén se mantén o **acompañamento en permisos penitenciarios**, unha das liñas tradicionais de voluntariado de Aliad, da que participan 2 voluntarias.

No **programa Aliadas**, o voluntariado participa activamente nas **accións de sensibilización social** (ver apartado de sensibilización) polos días sinalados de loita contra a violencia de xénero, a trata e a explotación sexual e en defensa dos dereitos das mulleres. Ademais, durante o ano 2019 tamén participaron 4 voluntarias impartindo sesións no **Curso coidándonos** de autocoidado e lecer (restauración de mobles, actividades deportivas, manualidades e mindfulnes)

Contamos tamén coa participación de 1 voluntaria para **acompañamentos a mulleres**.



Para visibilizar o día do Voluntariado, o 5 de decembro, participamos como parte da Rede Lucense de Voluntariado na xornada *“Tendendo a rede”* con actuacións, obradoiros e lectura do manifesto o día 4 de decembro no Vello Cárcere.

OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO

MERCADILLO DE LIBROS DE SEGUNDA MAN



Xoves 9 de maio 21:30h. Bodega A Fouce (Rúa Ramón Montenegro, 2
Cea de produtos de Comercio Xusto e Ecolóxico / 12 Euros / Previa inscrición

Sábado 11 de Maio desde ás 10.30h. Praza Maior de Lugo.
Celebración do Día Mundial de Comercio Xusto (para tod@s, de balde)

- Feira de produtos de Comercio Xusto e Ecolóxico
- Contacantos con Anxo Meire ás 11 h
- Adopste Conciencia (actividades lúdico deportivas e de sensibilización) ás 12 h
- Malala Teatro con Palimoco a partir das 13 h

Para inscricións (cea) e + info: lugoxusta@gmail.com // [/lugoxusta](https://lugoxusta.com)

ORGANIZA



COLABORA



CUOTA PERSOAS SOCIAS

Contamos con 66 persoas socias que mediante a súa cota anual nos apoian e participan das actividades que levamos a cabo.

Ofrecemos **acompañamento individualizado e integral**, respectuoso cos tempos da persoa, a través dos seguintes servizos:

Atención social e educativa

Apoiando nos trámites administrativos e de axudas, no acceso a recursos sociais, na relación coas familias, etc.

Asesoramento xurídico

Sobre dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos.

Atención sanitaria

No acceso á asistencia médica, obradoiros formativos, proba rápida de VIH e métodos de protección de infección de transmisión sexual.

Atención psicolóxica

Para abordar aspectos emocionais, relacionais e de conduta, así como a motivación cara o cambio.

Orientación laboral

Atención individualizada na busca e mantemento de emprego.

Obradoiros grupais

No traballo en habilidades sociais e desenvolvemento persoal, de cara a inclusión social e laboral.

Recursos residenciais

Cunha vivenda para permisos penais e outra para muller vítima de trata e/ou explotación sexual.



Unha equipa profesional e especializada atenderá de forma integral as túas necesidades e dereitos.

Contamos tamén coa participación voluntaria de persoas implicadas que colaboran cos nosos programas e impulsan os seus propios proxectos e iniciativas.

O noso compromiso co cambio social lévanos a realizar accións educativas e de sensibilización en diferentes lugares (centros educativos, concellos, espazos profesionais, etc.), na procura dunha sociedade xusta, garante de dereitos e feminista.

Colabora!

DATOS PERSOAIS

Nome:

Apelidos:

DNI/CIF:

Enderezo:

CP:

Provincia:

CUOTA

- ☐ 15 €/ano (cuota mínima)
☐ 30€/ano
☐ 60 €/ano
☐ 120 €/ano
☐ outro importe: _____ €/ano

FORMA DE PAGO

☒ Domiciliación bancaria

ES_ _ _ _ _

Sinatura:

Alad Ultraestá está recoñecida cos Declaración de Utilidade Pública e acollida a lei 492/2002 de incentivos fiscais ao mecenazgo.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais, así como o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 infórmase de que os datos persoais que surtinte peasan a ser tratados pola Asociación Alad Ultra, empregados para a relación descrita neste documento. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dirixíndose á entidade responsable do tratamento: Alad Ultra, rúa Miagrosa, 99-101, Lugo.




AS CONTAS CLARAS


BALANCE ECONÓMICO

INGRESOS 2019	
332.556,32	AXUDAS PÚBLICAS
44.384,80	AXUDAS PRIVADAS
6.976,84	DOAZÓNS
3.225,00	COTA SOCIOS/AS
4.713,45	OUTROS INGRESOS
2.147,37	SUBV. TRASPASADAS AO EXERCICIO
394.003,78	TOTAL

ORIXE DOS INGRESOS EN ALIAD ULTREIA NO ANO 2019




GASTOS DE ALIAD ULTREIA NO ANO 2019



GASTOS 2019	
PERSONAL	265.228,59
APROVISIONAMENTOS (Servizo xurídico, servizo psicolóxico, material de oficina, ponentes obradoiros,...)	35.090,01
AXUDAS (Becas de formación e axudas a persoas usuarias)	7.182,01
OUTROS GASTOS DA ACTIVIDADE (Suministros, arrendamento locais, limpeza, lavandería, desprazamentos, comunidade,...)	33.496,64
Amortizacións de inmovilizado	3.171,38
TOTAL	344.168,63

O **resultado do exercicio**, tendo en conta os gastos financeiros, excedentes antes de impostos e variacións do patrimonio é de **47.181,00 euros**. Este balance positivo e con uns excedentes tan altos é debido a que no ano 2019 se concederon numerosas axudas que, ademais de cubrir gastos no ano 2019, tamén cubren gastos noutras anualidades (2018,2020 e 2021). Para información máis detallada ver as contas anuais publicadas na nosa web www.aliad.org

A continuación exporemos a distribución dos ingresos por áreas de actividade da entidade.





Rúa Milagrosa, 99-101, 27003 Lugo

982 251 948 - 655 395 940

info@aliad.org

www.aliad.org



Aliad-Ultreia



@AliadUltreia



ongaliad.wix.com/voluntariado